



## Alugar un útero, a lóxica do mercado aplicada ao corpo das mulleres

---

Olalla Rodil

O debate arredor dos ventres de aluguer, eufemisticamente denominados maternidade subrogada ou xestación por subrogación, colleu maior pulo no último ano. Aínda que non é novo, o certo é que este debate situouse na axenda pública como resultado dunha campaña política e mediática que interesadamente aposta por dulcificar unha práctica que supón unha vulneración clara e flagrante dos dereitos das mulleres.

Cómpre sinalar, en primeiro termo, que alugar un útero é ilegal actualmente en Galicia ao estar expresamente prohibido na Lei 14/2006 sobre técnicas de reprodución asistida que declara «nulo de pleno dereito o contrato polo que se conveña a xestación, con ou sen prezo, a cargo dunha muller que renuncia á filiación materna a favor do contratante ou dun terceiro» (artigo 10).

Porén, esta práctica si é legal noutros lugares do mundo, algúns deles moi próximos a nós –como Portugal desde 2017– o que serviu de coartada para os movementos que na súa defensa procuran unha mudanza lexislativa no Estado español.

De antemán, debemos aclarar que nestas liñas non pretendemos criminalizar a ningunha persoa ou familia que teña recorrido ao aluguer dun útero para se reproducir mais quixeramos aclarar unha cuestión que se sitúa na raíz do debate. A maternidade ou a paternidade non son un dereito, senón un desexo e unha vontade que, sendo lexítimas, non poden supor a vulneración dos dereitos doutra ou doutras persoas para a súa satisfacción.

Neste senso, malia que a ciencia ten avanzado moito permitindo que persoas con dificultades biolóxicas para se reproducir consigan